



CAMPAÑA "SAN VALENTÍN DE ENTROIDO 2026"

BASES SORTEO SAN VALENTÍN

A celebrar por AECA o 18/02/2026 en directo dende a emisora de Radio Arzúa

BASES DE PARTICIPACIÓN:

Primeira.

O SORTEO DE SAN VALENTÍN convocado e organizado por AECA con motivo do SAN VALENTÍN ven repartir 2 premios co obxectivo da incentivación comercial do CCA Arzúa e da fidelización dos seus clientes:

- PREMIO 1: Xantar para 2 persoas en FOGAR DE LECER TURISMO RURAL (Lema de Arriba, s/n. 15810. Arzúa) consistente na degustación dun menú completo de COCIDO GALEGO.
- PREMIO 2: Unha estupenda CESTA de produtos.

O primeiro premio será a desfrutar no prazo límite dun mes dende a celebración do sorteo, xestionando o premiado/a unha reserva previa según a disponibilidad do local hostaleiro.

Os clientes para participar do sorteo deberán efectuar algunha merca no CCA Arzúa durante o período da campaña cumprindo coas presentes bases.

O sorteo efectuarase extraendo 2 tickets premiados de entre tódolos rexistrados nas tendas de AECA durante esta promoción e segundo se establece nas presentes bases.

Segunda.

Poderá participar neste sorteo calquera persoa **maior de idade** que rexistre unha merca en calquera comercio do CCA de Arzúa por valor **superior a 15€** e con data comprendida **dende o día 1 de febreiro ata o 14 de febreiro** de 2026 (ambos días inclusive).

Terceira.

Para levar a cabo o rexistro das mercas estará disposta a urna da AECA no mostrador de cada comercio asociado, onde será depositada unha **copia do ticket de merca co nome completo e o teléfono de contacto do participante** ben lexible no seu reverso.

Cuarta.

Se sae premiado un ticket coa data fóra do prazo establecido, ou cun importe que non alcance o importe mínimo, quedará invalidado no mesmo momento do sorteo e extraerase outro ticket.



Asociación de Empresarios da Comarca de Arzúa

Quinta.

Non está permitido acumular varios tickets por importe inferior a 15€ para conseguir unha participación no sorteo, e unha mesma persoa poderá rexistrar tantas marcas como desexe durante esta campaña comercial, pero non poderá ser a gañadora de máis dun premio.

Sexta.

O sorteo será celebrado en directo dende a emisora municipal Radio Arzúa o 18 de febreiro de 2026. Unha vez sexan avisados os agraciados telefónicamente e éstos acepten expresamente o premio, terán unha data límite dun mes dende a data do sorteo; ata o 18/03/2026, tanto para o desfrute do cocido como para a recollida da cesta na sede de AECA, momento no cal os premios caducarán.

Séptima. Será necesaria a recollida de datos persoais para levar a cabo o sorteo, e a operativa da entrega dos premios, respetando a normativa aplicable en materia de Protección de Datos de carácter persoal. Os titulares dos datos proporcionados poderán exercer os seus dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición remitindo un escrito acompañado dunha fotografía do seu DNI, dirixido ao CCA de Arzúa (AECA), con enderezo no Polígono Industrial de Arzúa, parcela 1, 1º. 15810 Arzúa (A Coruña), coa referencia "Protección de Datos" SORTEO SAN VALENTÍN 2026.

Oitava. Os gañadores do sorteo ceden, nos termos legais necesarios, os dereitos de imaxe das fotografías que se tomen na recepción do premio outorgado por AECA.

A participación neste sorteo implica a total aceptación das presentes bases depositadas en A.E.C.A.